

ALEJANDRA PARDO VÁZQUEZ, Secretaria do Concello de Cariño (A Coruña)

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada en data 03/03/2026 adopta, entre outros, o seguinte **ACORDO:**

6.- OUTROS

6.1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO PARA O CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN “CONCILIA CARIÑO TODO O ANO” (EXPDTE 2026/S011/000002).

Visto o texto da xeral de prezos públicos do Concello, publicada no BOP nº 231 de 07/12/2016.

Vista a proposta formulada polo Concelleiro de Cultura o 25/02/2026, sobre a necesidade de establecer un prezo público pola prestación do servizo da actividade de campamento Concilia Cariño todo o ano.

Vista a memoria económico-financieiro da Intervención municipal de 25/02/2026.

Visto o informe conxunto de Secretaría e Intervención de data 25/02/2026

Realizada a tramitación legalmente establecida, a Xunta de Goberno por unanimidade dos seus membros, e en votación ordinaria,

ACORDA:

PRIMEIRO: Establecer o prezo público pola prestación do servizo da actividade de campamento Concilia Cariño todo o ano (Semana Santa 2026, Verán 2026 e Nadal 2026-2027), que se realizará no Concello nas seguintes datas: Semana Santa (30 e 31 marzo, e 1 e 6 de abril de 2026), Verán (do 1 de xullo ao 31 de agosto 2026) e Nadal (os días 21, 22, 23, 28, 29, 30, 31 de decembro 2026; e 1, 4 e 5 de xaneiro de 2027).

O feito do que deriva a obriga do pagamento é a asistencia dun menor ao citado campamento, e os suxeitos pasivos do prezo público son os pais/nais ou titores legais. O prezo por asistencia ao Campamento é de:

*Para Semana Santa (cota por todo o campamento): 1º membro da unidade familiar: 16 €; 2º membro da unidade familiar (12 €); 3º e seguintes membros da unidade familiar (9 €).

*Para o verán (cota semanal): 1º membro da unidade familiar: 20 €; 2º membro da unidade familiar (15 €); 3º e seguintes membros da unidade familiar (12 €),

*Para o Nadal (cota por todo o campamento): 1º membro da unidade familiar: 25 €; 2º membro da unidade familiar (19 €); 3º e seguintes membros da unidade familiar (15 €).

SEGUNDO: Establecer a exención do pago do prezo previa recomendación polo Departamento de Servizos Sociais, trala acreditación da situación de asistencia aos campamentos e da imposibilidade de asumir a cota por parte da familia.

TERCEIRO: Autorizar o gasto con cargo á partida 231-22799 do orzamento municipal de 2020, actualmente prorrogado.

CUARTO: Publicar o presente acordo no BOP e no Taboleiro electrónico municipal.

E para que conste os efectos oportunos expido a presente por orde e co visto e praxe da Alcaldesa, coa salvidade que establece o artigo 206 do ROF, en Cariño, a tres de marzo de dous mil vinte e seis, de todo o que eu, Secretaria, Certifico.

Vº e Pce

Alcaldesa

Asdo: Ana Mª López Fernández (documento asinado electrónicamente)